EDICIONS FOUCE
NUM.2

CADERNOS AGRARIOS

A ESTRADA, octubro de 1992



SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIONS LABREGAS
Rúa Serafín Pazo, nº 8, 1º
36680 - A Estrada
Tlf. 57 32 32

Conflitos Agrários no Concello da Estrada

O Cerco de 1915

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

PRESENTACION

Unha ollada ao retrovisor

Coa adesión do Estado Español a Comunidade Económica Europea, e a aplicación da PAC, topamo-nos cunha actitude por parte dos defensores deste proceso caracterizada entre outras cousas e obviar as diferéncias climáticas, oreográficas, edafolóxicas, xurídicas, e sobre todo históricas para xustificar a integración nun mesmo mercado. Pero é imposible entender os problemas que temos derivados da nosa situación a respéito dos outros paises cos que se nos impón agora competir, sen ter en conta a história diferente que hai detrás de cada un dos paises e que explica o seu nível productivo actual.

Baralla-se na recentemente aprobada reforma da PAC o concepto de "rendimentos históricos" para xustificar o feito de asignar-lle a aqueles paises máis desenvolvidos, maior cantidade de cuota productiva e de subvencións. Non en tanto non se fala de por qué históricamente eses paises están máis desenvolvidos, e por qué agora se condena a Galiza a quedar no atraso. Bota-se a culpa ao "individualista e desconfiado" do caracter do labrego galego, cita-se a maior formación e profesionalización dos comunitários, en sintese, oculta-se a verdadeira história que está detrás da situación actual.

Por eso desde o SLG queremos presentar tamén a debate non só as propostas de futuro que ten a nosa organización, senon a interpretación do noso pasado que nos permita comprender o presente no que nos atopamos. Neste senso vai este traballo en torno ao acontecimentos do ano 1915 na Estrada, como aportación ao entendimento do grao actual de desenvolvimento e organización do campo estradense en particular, e galego en xeral.

A Estrada, setembro de 1992

Depósito Legal: 749/88

EDITA:

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIONS LABREGAS

ESTA PUBLICACION EDITA-SE COA COLABORACION ECONOMICA DO..

Excelentisimo Concello da Estrada

EXMA. DEPUTACION DE PONTEVEDRA

A Evolución do agro galego da auto-suficiencia ao mercado

INTRODUCION XERAL

Para comprender a evolución da agricultura galega debemos pois, da existéncia dun campesiñado que ocupaba a nosa terra pero que non a poseía e que a traballaba para a subsisténcia pero non para o mercado. A "Casa", unidade económico-familiar sobre a que descansa a produción campesiña, non estaba orientada a gañáncia, senon - como di **Eric R. Wolf** - a *"limitar a producción aos artículos que poden ser directamente utilizados polos productores"*. Se temos en conta a circunstáncia de que debian pagar aos señores, ou ao Igrexário un tanto por cen (un 20 ou 25%) do que produciran, explica tamén que non houbo-se moito interés en matar-se a traballar para gañar máis, pois terian que pagar máis. Din-nos **Rodriguez Galdo e Fausto Dopico**: *"O pequeno camponés, propietário ou arrendatário (ou ambas cousas a vez), vive normalmente ao límite da mera subsisténcia, e nos anos normais vende unicamente parte da sua produción para atender as compras máis urxentes (apeiros de labranza, sal, vestidos...), ao pago dos impostos ou as cargas monetárias, e tal vez convirta a sua colleita de trigo nun cereal menos cotizado, que constituirá o seu alimento habitual"*. Esta situación facia que os labregos estivesen sometidos aos accidentes metereolóxicos dos que dependia as suas colleitas, e por tanto a sua subsisténcia. Así as copiosas chuvias de agosto, septembro e octubro do 52 que arruinaron a colleita deste ano pode considerar-se como un desencadenante dunha crisis na economia galega que seria ostensible até o 57; demostrando a sua estructuración en base a agricultura de subsisténcia; como di no 1853 **José Maria Castro Bolaño**:*"A excasez do 1852 non fixo máis que poñer en evidéncia o mal; pero en realidade non o produciu, por que se deriva de causas exteriores"*. Así a crise do 52 tamén fixo explícita a lenta e tardia integración de Galiza no mercado español, ainda que o mercado español na Galiza tiña xa penetrado danando seriamente o sector artesanal; pois podian ter sido evitada, e a sua vez a fome, as fiebres estacionais, e a epidémia de cólera, que causou. Graficamente recollemos aqui as palabras do Diputado pontevedrés **Hermenegildo Gallego**: *"Si esta província non estive- se, como as de Africa, separada pode dicir-se do resto de España, pouco ou nada importaria a estración (refire-se a exportación de cereais) pois polo camiño que fai vinte anos se esta construindo cara Castilla, viria en tres dias os trigos e viños de Zamora e en deceseis horas os centenos de Ourense por cámbio de frutos, pesca e mercancía nivelando as necesidades dos cereais vivificaría ao país."*

MONUMENTO AO LABREGO DE LAGARTONS



A esta interpretación haberia que completa-la coa de **Joam Carmona**, quen publicou un interesante estudo sobre as industrias artesanais do liño; no que nos aponta uns primeiros pasos cara o mercado, e que xa

racharia co modelo de economia de subsisténcia; non en tanto dada a sorte que correu estas industrias textís tampouco altera a análise de Galdo e Dopico. Ao estar a comercialización da produción de liño en máns calteláns, e con redes de comunicación esperpénticas (por exemplo os temporeiros que ian a sega a Castilla); cando apareceu o auxe do algodón Inglés, as redes de comercialización abandonaron a produción de liño para adicar-se a distribuir algodóns.

Os Foros son a carga impositiva máis aplastante na modernización do campo Galego e das áreas limítrofes de León e Astúrias, descoñecido nas outras partes de España nas que coas Cortes de Cadiz empezaron a transformación das relacións de propiedade da terra. En 1811 xa se publica o primeiro decreto de abolición dos señorios, completado co de 1823, e outros que ao longo do século XIX se deberon ao pacto entre liberais e terratenientes que foron significando xunto coa *Desamortización de Mendizabal* un cámbio xurídico na forma de propiedade que non no cámbio de propiedade, pero que deixou como propiedade privada en sentido burgues unha terra que xa ia ser explotada baixo orientacións capitalistas cara o mercado, e transformando-se o modo de produción feudal cara modo de produción capitalista da terra mentras Galiza ficaba no modo de produción Feudal até o século actual.

Coa desamortización a pequena burguesia urbana Galega adicou-se a compra dos foros para recibir unha renta pola terra e convertir-se eles mesmos en foreiros. Adicaron-se a vivir de rentas en vez de adicar-se a levar a cabo unha revolución industrial nas nosas cidades que fixeran posibel a absorción do excedente de povoación activa do campo obligando a este a emigrar fora de Galiza ao carecer a nosa terra de unha Buenos Aires, ou dunha Habana, xa que, por dar un dato, en 1900 A Estrada era o Concello máis povoado da província de Pontevedra, pero na Vila, computaban-se 1.300 habitantes dos 26.838 que habia en todo o Concello. A non articulación rural-urbano levou históricamente a unha confrontación que explica enfrentamentos como os "cercos" que os labregos exercian contra as Vilas, como medida de presión. O *"Monumento ao Labrego"* e a *"Festa do Labrego"* de Lagartóns conmemoran un deses cercos.

O certo é que se produce un movimento demográfico alén das nosas fronteiras en busca de grandes urbes fundamentalmente latino-americanas. 650.000 emigrantes netos produxo Galiza desde 1870 até 1914. Esto - evidentemente - alixeirou o peso da povoación sobre a terra e permitiu un lento e dooroso proceso de transición dunha agricultura de subsisténcia cara unha maior especialización gandeira.

E así temos que constatar cámbios na estructura de subsiténcia cara unha maior produción cara o mercado. Desde finais do XVIII até 1820 Galiza pasou de importadora a exportadora de cereais. As roturacións intensificáron-se, en 1860 Galiza convirteu-se en exportadora de cabezas de gando vacún a Inglaterra ou a outras zonas do Estado.

Esta incipiente especialización produxo alguns cámbios en cultivos tradicionais. Ao millo e a pataca engadiron-se-lle cereais forraxeiros, a extensión de pastos e pradeiras. Galiza comenzaba pois a transformar a sua tradicional agricultura de subsisténcia pola crecente orientación cara o mercado. **Brañas** discribiria ao labregos do seu tempo dicindo: *"el aldeano gallego no tiene más que dos recursos para hacer frente a las necesidades de su familia y a las del despiadado fisco: el maíz y el ganado vacuno. El primeiro provee de pan para sus hijos, de alimento para sus cerdos, gallinas y, sobre todo, le proporciona en diversas épocas un forraje sano y sustancioso para sus bueyes"* e o gando empregaba-o - segundo él - para dispor de diñeiro co que pagar os tributos. Nesta situación os Foros como carga anacrónica convertíron-se nun obxectivo a liquidar polos labregos Galegos. Non é sorprendente que se escomenzara o proceso de redención, as remesas de emigrantes empezaron a orientar-se a pagar ao foreiro para facer-se donos de seu. Esto - obviamente - sustraeu capitais da terra e retrasou o proceso de especialización, consolidando a vez a fragmentación e atomización da terra; dous factores internos que explican parte da limitada extensión que a pesar da orientación gandeira e a maior diversidade de cultivos experimentou a agricultura galega neste peiodo.

Cando digo factor interno debo matiza-lo. Logo falarei dos factores externos, pero creo que é necesário facer unha reflexión teórica de como a formación do Estado Moderno, e a liquidación do *"ancien regime"*, a construción dun aparato burocrático e unha estructura xurídico-administrativa co liberalismo e a restauración non tivo para nada en conta a realidade Galega, non se lexislou adecuadamente cara a necesária reforma agrária Galega, nen se dotou a parróquia, as comarcas, e a Galiza no seu conxunto de entidade política que servi-se de instrumento para facer-lle frente a esa situación. A criación das Deputacións, é un exemplo de como se articulaban institucións artificiais en función dos intereses particulares dos que participaban nelas, ou do Goberno de Madrid. Nesta situación asentou-se o edificio do Caciquismo, que segundo nos di **Castelao**, xurdiron do desbaraxuste entre super-estructura política e problemas dos cidadáns, servindo de intermediários entre o poder que lexislaba en función de realidades alleas a Galiza, e os Galegos que se vian obligados a recurrir a eles para flexibilizar a lei de xeito que se adecua- se a eles. Esta reflexión explica como os Galegos tiveron que buscar-se solucións individiais, emigrando, en vez de dotar-se dunha solución colectiva que se canaliza-se nunha reforma xurídico-administrativa ao servizo dos seus intereses. De aguí que as devanditas causas internas non son en *"sensu stricto"* debidas aos que sufren a situación senon aos que a producen: nomeadamente os que construiron o Estado Liberal Moderno na España. Para comprender mellor esta relación remito-me ao *"Sempre en Galiza"* de **Castelao** onde realiza unha lucida e acertada analise da revolución burguesa no Estado Español e do liberalismo.

Pero falemos xa das devanditas *"causas externas"* que retrasaron a modernización do agro galego. E recordemos que estabamos na incipiente especialización na Gandeiria cara o mercado, e unha maior diversificación de cultivos.

Eu marcaria 3 fundamentais:

1º Auséncia de vias de comunicación axeitadas.

2º Política Arancelária perniciosa para o campo Galego.

3º Caréncia de tecido agro-industrial e comercializador, que elabora-se a nosa matéria prima e a coloca-se nos mercados.

Debullando estas tres causas teriamos unha explicación de por qué a crise agrária de finais do século XIX, e para eso vou- me remitir ao estudo de **Xaime Garcia-Lombardero e Viñas.**

sta crise, ao igual que a actual, achacou-se a un exceso de super-produción; pero xa no seu momento figuras como **José A. Parga Sanjurjo** sinalaron como causa mais ostensible e inmediata a competéncia que comenzaba a exercer as carnes de vacún procedentes dos Estados Unidos que, como acontecero cos grans, invadiron os mercados Europeos e, especialmente, as prazas de Reino Unido. Este motivo traeria como consecuéncia un descenso das exportacións de gando galego. Por parte de Inglaterra o gando USA supúxa-lle unha série de ventaxas que explicaban a redución das compras a Galiza. Un transporte máis veloz para o gando americana fundamentado nos adiantos tecnolóxicos do vapor, frente aos excasos, caros e lentos transportes galegos. Os baixos précios americanos frente aos subidos précios a que se vendia na Galiza o gando de exportación debido a estructura agrária de galega (minifundio, fragmentación da camada gandeira, auséncia de selección de razas) e outras características non imputabeis ao sistema agrário (incidéncia tributária, lexislación proibicionista en matéria de comercio exterior que provocaba represálias de outros paises e das que logo falares, etc...). EEUU enviaba carne en canal, mentras que Galiza só exportaba animais vivos. A partir do 1.885 Arxentina erixe-se nun dos principais fornecedores do mercado Inglés e logo irrumpiria Austrália, mentras na Galiza como di o Consello Provincial de Agricultura, Industria e Comercio de Ourense: *"A pesar da baixada de précios non hai compradores e o pobre gandeiro, non podendo facer diñeiro para pagar as contribucións, rentas, etc..., ve-se obrigado a emigrar"*. A baixada dos précios foi por aquel entón nalgunhas zonas de até un 60 e 70 por cento, e mesmo a imposibilidade de vender.

Deixamos plantexada as causas da ralentización da modernización do agro galego no século pasado. Máis, lonxe dun discurso victimista o que apreciamos na história Galega

e a grande capacidade de recuperación dos nos labregos. De novo os Labregos superaron esta situación, e a partir do 1.890 se constata un considerable incremento da cabaña vacuna e das exportacións. Como di **X. R. Barreiro**: "*O Ferrocarril de Galiza se abre ao centro, cando éste necesitou a carne e merluza Galegas*"; expandindo-se comercialmente o noso gando para satisfacer as demandas de Madrid, Barcelona e Valéncia.

Agora ben, esta gandeiria está sofrindo moi directamente as consecuéncias dunha política económica estatal perxudicial aos seus intereses. O arancel proteccionista de 1891 é-lle totalmente contrário, feito en beneficio de grupos económicos consorciados (oligarquia cerealística Castelán). A cuestión aparece moi clara no caso do millo. Galiza é a rexión maior productora do Estado de millo; e non en tanto, desde a sua especialización gandeira, ve- se obrigada a importar grandes cantidades. O arancel protector dos précios de cereal grava con 80 pts. tonelada; o arancel, segundo parece, máis alto de Europa, xa que o seguinte país, Itália, só gravaba con 25 pts. por tonelada. Esto quer dicer que os Galegos debian desenbolsar uns 20 millóns de pts. (a altura da primeira década do século). A supresión dos aranceis para o forraxe estará sempre no decálogo das reivindicacións agraristas.

Pero, así a estructura do agro Galego estivo case intacta desde o século XVI. Na primeira década do século XX surxen na Galiza un forte movimento organizativo dos labregos que plantexan xá solucións globais para o agro; o Sindicalismo Agrário terá entón un papel fundamental na modernización da agricultura Galega desde 1.900 até o 1.943. O feito de que, como primixénia organización Galega axeitada a nosa realidade, cumpliran funcións de todo tipo, moitas das cais non lle corresponderian nunha sociedade civil suficientemente articulada, fixo que se trasladaran os conflictos dun campo de traballo aos demáis; pero non en tanto, debemos recollecer-lles o grande salto cualitativo na concienciación, organización e modernización do noso agro nas diversas liñeas de actuación que tiveron: tanto na reivindicativa (loita contra os foros, consumos e fioratos) como nos servizos (cooperativas de compras en común: Insumos agrícolas e obxectos de consumo; as Caixas Rurais, Mutualidades e Seguros, Cooperativas de venda en común, industrias elaboradoras rurais, traida de novos cultivos,etc..) como no campo da instrucción (Escolas rurais, cursos de formación en técnicas agricolas) como no cultural (Publicación de Xornais, celebración de actos culturais, patrocínio de corais, grupos de música ou mesmo teatrais, festas, etc...) e na dignificación dunha profesión e dunha condición, a de ser Labrego Galego.

Esta etapa resulta a máis relevante na transformación da agricultura e na sua modernización. Os labregos Galegos enfrentaron os seus problemas dun xeito organizado, e a través dos seus sindicatos lograron cambiar incluso a política de Madrid contrária aos intereses Galegos. Recordemos o proxecto de 1933 de **Lerroux** de traer carne de Uruguai, fundindo a gandeiria Galega. Cando este proxecto se quixo levar a cabo, era tal o grao de organización do campo Galego que foi-lle imposibel ao gobemo Español seguir adiante co esa política. **Castelao** - que participou activamente nas loitas agraristas contra o tratado con Uruguai escribiria algo que penso non debia esquecer-se, sendo hoxe totalmente vixente: *"O que non se concibe é que o Estado ataca-se supetamente os intereses dunha rexión, sen dar-lle tempo para criar novas fontes de vida. Ningún Estado Democrático, en réxime de continxentes, autorizaria unha importación de productos que viñe-se a poñer en perigo a vida dun organismo rural de pequenos propietários"..."Galiza utilizou primeiramente os bos modos, próprios do noso caraiter para convencer ao Governo e ás rexións interesadas do grave erro que se queria cometer. Os esforzos amables resultaron inúteis. Entón recurrimos ao mitin e puxemos aos labregos da nosa Terra en pé de protesta. Somentes deste xeito, estrano ás nosas maneiras habituais, conquerimos o trunfo. O governo desistiu de someter o Tratado a decisión das Cortes, a pesares de que sobraban votos para aproba-lo. Esta foi a grande lección que nós - os promotores da protesta - queriamos recibir para ensina-la despois ao noso povo".*

A Estrada, un espácio privilexiado de loita agraria

O grao de organización no campo Galego até o 36 éra a garantia de futuro que naquel momento tiña o agro. Pero co trunfo da forzas fascistas, a organización do campo foi sistematicamente barrida proibindo-se sindicatos e asociacións democráticas.

Concretando máis na nosa comarca. Ainda que xa no 1898 podemos datar a primeira constitución dunha sociedade agrária na Estrada, é no 1903 en que empezaban a agromar con forza estas sociedades no noso Concello, sendo paradóxicamente clases liberais - médicos, notários, etc...- os pioneiros sobre os que descansaba esta labor. Neste sentido recordamos a figura de **D. Miguel Losada**, notário, e fundador do periodico Agrarista *"El Estradense"*; e pai dunha figura clave na história da conciéncia nacional deste país: Antón Losada Dieguez; persoaxe dunha extraordinária lucidez que embarcou polos rumos do nacionalismo a xente como **Garcia Barros**, na Estrada e as figuras máis notables da xeneración *"Nós"*: **Castelao, Risco e Otero Pedraio**. A sua impronta nacionalista aportada ao agrarismo debe ser tratada aparte e merece un debate parello ao que aqui propoño; pois o proxecto sindical por el formulado tivo grande importáncia no progreso do campo e nas consecución das reivindicacións campesiñas. Pois a formación de Sindicatos Amarelos para neutralizar a conflictividade no campo non é cousa tan actual, xa naquel os caciques, incapaces de facer seu o movimento agrário tentaron elimina-lo. E houbo un grande enfrentamento entre as distintas liñeas sindicais. Na Estrada podemos situa-las ao redor de duas publicacións. *"El Estradense"* e *"La Voz del Pueblo"*. Pero o Sindicalismo Agrário empezou a dar os seus primeiros pasos, e como un neno pequeno, a base de tanteos, ensaios-erros, e experientar diversas estratéxias, no 1913 acada o seu máximo nível de organización e consenso coa fundación da *"Federación Agrícola da Estrada, Silleda, Forcarei e Cerdedo"*. Por aquel entón habia sociedades Agrárias na maior parte das parróquias do Concello. A federación tivo o seu apoxeo, e logo veu a sua decadéncia froito dos erros cometidos que nos anos 20 se tentarian correxir. Non en tanto a sua labor na modernización do agro Estradense é fundamental. Baste follear unha das suas publicación para decatar-se da riqueza de proxectos e reivindicacións para a mellora das condicións de vida e traballo dos nosos labregos. Topa-mos incluso proxectos de electrificación rural coa instalación de turbinas nos rios e regatos que abundan na Estrada.

Lembremos unha serie de episodios que ilustren a importáncia do agrarismo neste Concello, para logo pasar ao caso concreto da Festa do Labrego que sí se pode analisar dun xeito máis sistemático.

Di-nos **Pedro Varela** que no 1905 xa funcionaban asociacións agrárias que segundo este autor estaban moi politizadas. Non en tanto a política de primeiros de século era moi diferente da que do que hoxe entendemos por tal. Na *"restauración"* o que topamos é partidos de notables, máis que organizacións de masas, polo que os enfrentamentos son a miudo máis por disputar-se o espácio de poder local baixo un mesmo poder provincial que un enfrentamento ideolóxico moito máis ambicioso. Os encamizados combates verbais que xa en 1906 podemos rastrexar nas publicacións locais arriba mencionadas son a miudo un intento de desplazar un grupo de poder local ao outro para ser o referente na Estrada do cacique provincial.

En todo caso este agrarismo primixénio xa ten claros os obxectivos ainda que ensaia distintos medios de loita que vai sucesivamente desbotanto a medida que se demostran inutiles para acadar eses obxectivos.

A finais de 1911 chega A Estrada **Chinto Crespo**, dirixente do Directorio de Teis, que aviva a chama do redencionismo.

Polo noso Concello pasan tamén **Lustre Rivas, López Aydillo, Manuel Portela Valladares, Elena Estevez**, e en 1912 topamos referéncias do grande mitin agrário que daria o crego de Beiro, **Basilio Alvarez**, momento onde xa podemos detectar un enfrentamento frontal co **Marqués de Riestra**. Este mitin foi organizado por 22 sociedades estradenses e outras de Silleda e Forcarei. Asisitiron os representantes do Directorio Antiforista de Teis, destacando o citado Chinto Crespo. Concluido dito Mitin, cando os asistentes se retiraban as suas aldeas orixinárias entablou-se un enfrentamento entre os veciños de S.Miguel de Barcala e de Santa Maria de Couso, resultando nela unha persoa morta, acontecimento alleo ao mitín e que foi utilizado para desprestixiar aos agraristas. Deste mitin reseñamos o entusiasta chamamento de **Basilio Alvarez** a enfrentar-se xa craramente ao caciquismo riestrista: *"Aquí hai que berrar máis rexo que en parte algunha, porque na Estrada, labregos, ten plantados os seus reais o home que ten agarrotada a media Galiza. Non berrar onde ten a barraca o home-cañón equivaldria a sentir a covardia dos rapaces ao ruxido do leopardo".*

No Ano 1913 aproban-se os estatutos da Federación de Sociedades Agrárias de A Estrada, Silleda, Forcarei e Cerdedo. Editando-se *"El Eco de La Estrada"* como organo destas sociedades, e ao frente do cal vai figurar **Pedro Varela**, e na que toparemos a colaboración de firmas como **Claudio Baloira, Torres Agrelo e Justo Martinez**. Segundo **Pedro Varela**, por aquel entón as sociedades agrárias viviron o séu máximo auxe *"resultando dunha eficacia sorprendente... acorralando de tal modo ao caciquismo, que o puxo ao borde do precipício."* E é esta fortaleza a que explica o éxito da loita que se librará en 1915 cos mandatários municipais.

Comisión da Festa do Labrego de 1.916: De esquerda a direita, Perfecto Constenla, Xosé Brea, Claudio Baloira, Fernandez Couto e Gumersindo Iglesias



As causas do Levantamento de 1915

As actitudes levantíscas poden-se rastrexar na história dos labregos estradenses moito antes de que estes estivesen organizados en Sociedades Agrárias, a súa organización - e neso se basou o seu éxito - fundou-se sobre os costumes comunitários, e a estructura de identidade que lles eran próprios, e como, en base as actitudes que viña mantendo de rexeitamento ao pago de foros e impostos. A organización dos labregos non fixo senon canalizar os conflictos que até entón xordian espontaneamente sen unha forza social que os orienta-se. Por eso o levantamento de 1915 non deve percibir-se exclusivamente como o desexo organico dunha entidade, a Federación Agrária, de facer-se co poder, senon que a consecuéncia de artellar un estado paralelo para o cal o governo municipal, e provincial resultaba un competidor desleal que sen prestar os servícios que a Federación de Sociedades Agrárias estaba a prestar, recaudaba, non obstante, considerabelmente por riba do benefício colectivo que reportaba esta administración allea aos labregos.

1.- O Estado Paralelo

Para aclarar que entendo por Estado Paralelo hai que partir primeiro da analise que fago na introdución xeral do que significou a formación do Estado Moderno en Galiza, é dicer, como éste artellou a súa organización dun xeito alleo a identidade colectiva construida socialmente dos Galegos. O Estado Moderno organizou-se en Províncias, e Concellos; mentras galiza estaba organizada en parróquias, comarcas e a nível Galego. E estes ambitos de referéncia definian o espácio da comunidade de intereses en función do que se xestiona en benefício colectivo. Así é que a organización dos Sindicatos Agrários por parróquias, e por comarcas (en Federacións) e por último a nível galego (exemplo notório de *"Solidaridad Gallega"*) é a primeira base para entender como se está artellando paralelamente ao estado unha administración que vai a cumplir as funcións do estado moderno.

Así atopamo-nos con que estas Sociedades Agrárias prestan socorro humanitário (e se propoñen xestionar a atención sanitária), son as que coas Sociedades de Instrución posibilitan o acceso a educación dos cidadáns financiando a construción e mantenimento de Escolas no rural, Imparten Xustiza, dirimindo os conflictos entre os veciños, e mesmo sancionando con multas aos que infrinxan a lei destas sociedades, mesmo deseñan unha política económica e financieira para o desenrolo do ambitos de actuación que por elas teñen definido. Estas son funcións que corresponden ao Estado Moderno.

Estamos pois diante dunha forza que garda na súa potencialidade a aspiración a constituir-se en Estado, polo que non debe percibir-se aos Sindicatos Agrários como meros axentes sociais que negócian o status quo dentro do marco institucional vixente, ao xeito de hoxendia; ainda que tanpouco pretenden unha revolución estructural dese marco, senon simplemente, construir un aparato institucional alternativo, ao lado do imposto.

O primeiro conflito xorde precisamente cando se considera dito estado como unha sobre-carga imnecesária, sentindo-se de xeito xeneralizado entre os contribuintes unha sensación de estar sendo expoliado por algo que lle é alleo, máis que ver a súa participación necesária para o mantenimento duns servícios necesários a comunidade.

A reacción inmediata será o abstencionismo impositivo. E a segunda reacción será a toma do poder, a reivindicación para os Sindicatos das funcións que está a cumplir o Estado, ou máis exactamente, a xestión por parte dos Sindicatos Agrários desa administración.

2.- Adverténcia ao Concello

Con data 24 de Xaneiro de 1915 a Federación de Sociedades Agrárias de A Estrada, Forcarei, Cerdedo e Silleda, dirixen-se

ao Concello Estradense para expoñer-lle as súas queixas e propor as súas alternativas .

Este escrito comenza sinalando que despois de dous anos a Federación non foi chamada polo Concello para *"recoller as súas aspiracións e desenrolar en colaboración, a obra progresiva en que se cifra os anceios xerais"*. E para acreditar as demandas sindicais - como por costume se fai nos escritos destas organizacións agrárias - cita-se os discursos parlamentários de vários deputados de renome (Azcarate, Alba,...) así como o referente dos paises máis desenrolados (Inglaterra, Francia, Alemania e Italia), para descalificar a obstinación da Corporación *"en alonxar do seu seo ás sociedades agrárias, cos princípios sanos e vivificadores que encerran"*. É dicer, usase de arquetipos Estados Modernos, e mesmo, o parlamentarismo, con unha pouca disimulada intención de constituir-se en tal Estado, pero coa definición de ambitos de actuación, ben diferente. Non esquenzamos que a Federación Agrária comprendia igualmente os Concellos de Silleda, Forcarei e Cerdedo, e que no seu interior estaban Federadas os Sindicatos Parroquias destes Concellos, polo que a mesma estructuración de Município e Federación Agrária xa é diferente. Queren ter capacidade de xestión, e recaudación no seo do Concello, pero o seu erro está en non ver que o Município tal como esta concebido xa de por sí exclue da participación a grande parte de comunidade de ter voz a través de representantes parróquias nas decisións deste organismo. Teña-se en conta, por exemplo que existen só no municpípio estradense meio centenar de parróquias, como poden estas participar na elaboración de Plans de Obras e Servícios Públicos coa estructura que tiña o Concello, mentras que na Federación, efectivamente, este tipo de deseños eran non só posibeis, senon que habituais.

A *"Federación"* está a queixar-se de cuestións que non son estrictamente profisionais agrárias: *"O Concello rural máis importante de España ten completamente abandonado o ensino primário, os camiños veciñais, as fontes de salubridade pública. Dando-se o feito escandaloso de que nesta vila, despois de varios casos de Tifus e de saber-se que as aguas estaban contaminadas, fose necesário unha recia campaña que houbo que librar para conseguir a clausura do matadeiro"*. Confirma-se pois que a *"Federación"* sobrepasa os temas estrictamente sindicais e se ocupa de cuestións de política xeral moi ámplias, cun curioso encabezamento: *"A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que..."*. Este encabezamento repetira-o - con leves variacións - unha dúcea de veces aludindo diversas queixas. Pero a disconformidade da Federación funda-se na lexitimidade que lle da o feito de que *"catro quintas partes dos habitantes do Distrito"* son membros dela, co que se consuma un asombroso divórcio entre o sentir cidadán organizado nuha determinada fórmula asociativa, e o comportamento dos representantes destes cidadáns xestionando outro artellamento institucional que comparte ámbito de actuación e coinciden en grande parte no subxecto colectivo que o sustenta.

A *"Federación"* centra moitas das súas críticas na xestión arbitrária dos fondos públicos en benefício de intereses particulares, entendendo que é escoitando as colectividades (as parróquias) como se pode administrar de xeito equitativo e universabilizabel: *"A Federación non pode estar conforme co proceder dunha Corporación que sen recabar a opinión dos viciños de certo lugar na parróquia de S. Miguel de Castro, acorda, atendendo ao interese particular dunha soia persoa, trasladar un camiño público antiguo, demandando o novo sen previa declaración de utilidade pública, nen outras formalidades..."*. Estamos diante do sostenemento implícito dunha formulación diferente da estructuración da Administración, e na cal non se estabelece as relacións tan só de indivíduo-estado, senon que debe facer-se a través das mediacións colectivas coas que se dota a nosa sociedade, co fin de que a xestión atenda o benefício da comunidade.

Esta vontade de fiscalización das obras públicas que denota a parte adicada ao matadeiro, e fundamentalmente a das obras de Construción do Concello supón unha búsqueda inquisitiva da explicación e xustificación das nunca comprendidas recaudacións do estado, o abstencionismo impositivo resulta a consecuéncia lóxica da non identificación coa administración existente como própria, e por

tanto, de aí que se ignore a existéncia de dita administración e os labregos se poñan a participar na construción doutra paralela, como se non existi-se nese momento hengunha. De aí que remate o escrito da Federación dirixido a Corporación coa seguinte adverténcia:" *... e que non se pense en impor ao povo novos deficits mentras tanto reina o desconcerto administrativo, pois colocado o Concello, dito sexa co respeto debido, en manifesta bancarrota, existe a opinión xeral de opor- se tenazmente ao pago".*

3.- Varias versións sobre o desencadeante do conflito

A versión - lóxicamente parcial - de Pedro Varela do que ocorreu naquel 1915 en A Estrada resume-se no seu libro *"A Estrada"* no seguinte parrafo:

"Es de recordar el hecho insólito de la prohibición establecida entre los asociados en cuanto a comerciar con la Villa, por no secundar ésta en la deseada medida las aspiraciones de los agrarios; durante el mes de Mayo de 1915, la paralización puede decirse que fué absoluta: ni una feria, ni un mercado pudo celebrarse; faltaron las legumbres, faltó la leche, faltó todo, menos el tesón de las sociedades, que ni siquiera lograron entiviarlo los alardes de fuerza armada y los encarcelamientos del Presidente de la Federación señor Señaris Junquera, del Secretario Sr. Baloira Gañete y de otros muchos.

A fines del mes referido, mediante gestiones del comercio que estaba en peligro, se llegó a una transación, basada en la supresión del deficit, y en la promesa de la mas estricta justicia en las elecciones municipales que se acercaban: cesó el boicot, y en las calles de La Estrada que se habian visto casi desiertas durante 30 dias, renación la animación"

Curiosamente adica máis tempo a Festa de aniversário deste acontecimento que ao acontecimento, quizais sexa porque en dita Festa o procurador **Pedro Varela**, director naquel momento de *"El Eco de La Estrada"*, e presidente honorífico de diversas asociacións, terá un papel moito máis relevante que no conflicto. En todo caso deixa apontadas sinteticamente o enfrentamento rural-urbano (do que falamos tamén na introdución) concretizando un conflito entre Federación e Concello nos términos dun conflito entre duas areas como son a rural e urbana na cal como en calquera guerra, se uniformiza o inimigo e non se discrimina no adversário aos infividuos senon que se rechazan globalmente. O cerco da vila por non secundar ésta as aspiracións agrárias reflexan o asentamento dunha acentuada división do traballo entre dous espácios xeográficos que concentran a duas clases sociais ubicadas cada unha nun espacio determinado, ou máis exactamente, identificadas cun espácio de convivéncia determinado. O cal non quere dicer que no rural non haxa fidalgos, e pazos de señoritos, nen que na vila non haxa obreiros sobre-explotados. Senon que operativamente se simplifica o enfrentamento neses términos.

En todo caso os conceptos utilizados por Pedro Varela da acción sindical das sociedades son ben signficativos: *"la prohibición establecida entre los asociados en cuanto a comerciar con la Villa..."*. Prohibición é un percepto próprio de estados máis que de organizacións profesionais onde a coacción se exerce na unificación das actuacións sindicais como folgas, manifestacións, etc... pero nunca baixo ese término, senon como metodo de loita acordado coiunturalmente diante dun conflito. Non é imaxinabel escoitar diante dunha folga obreira a un dirixente sindical decir: *"Queda proibido vir a traballar!"*, en todo caso diria *"Acorda-se non vir a traballar!"*. Realmente para as sociedades agrárias os acordos teñen rango de lei, de feito gostaban de chamar-se "parlamentos primários" por canto semellaban as veces o poder lexislativo dun estado, artellando-se tamén un poder xudicial, e un executivo para velar polo cumplimento dos acordos que se toman na Federación de Sociedades Agrárias.

Fixemo-nos agora noutras versións destes acontecimentos que figuran no programa da Festa do Labrego conmemorativa dos acontecimentos do ano 15. Unha delas titulada Crónica e asinada por un tal Andrés fai entre outras as seguintes aseveracións: Fala de que as eleccións de decembro de 1914 foron *"roubadas"* e di referindo-se aos que festexaban o éxito destas, que *"no se daban*

cuenta de que en otro lugar de la misma Villa, el pueblo federado se habia reunido para tomar acuerdos radicales que pusieran término a la bancarrota administrativa". É dicer, o poder Federativo estaba cuestionando o poder Administrativo do Estado no Concello. Logo segue dicindo: *"opuestas las sociedades agrarias al pago de un impuesto por déficit que nunca terminaba ni se sabi donde se enterraba, no vallan amenazas para obligarlas. Y aumentaba el pánico al ver los dias de fiesta y mercados la Villa desierta, pues los labradores se abstenian de concurrir con sus productos en justo castigo al comercio hostil".* Diante desta actitude abstencionista e *"pacífica"*, os *"amos"* contestaron coa detención do Presidente e Secretário da Federación cando estaban nunha Festa, concretamente o San Eleuterio de Lagartóns. Ainda que é posibel que a súa estáncia alí non fose ocasional pois Lagartóns é unha parróquia fronteriza coa Vila e pola que era preciso pasar a maior parte da zona rural que entraba por esta zona ao casco urbano. É dicer, é posibel que realmente existise alí un piquete que vela-se polo cumplimento da proibición. Chamemos-lle en vez de piquete, poder executivo.

O detido, o **Sr. Señarís**, presidente da Federación, non en tanto, di neste mesmo programa que estaba casualmente alí: *"un ciudadano honrado, en el campo de Lagartones disfrutaba con su familia unos momentos de solaz y alegria".*

Segundo di o mesmo Varera no citado Programa, o motín e a reacción a detención do Sr. Señarís foi instantánea, e espontánea: *"un estremecimiento de ira; y como tocados por una corriente eléctrica o convulsión sísmica, se agitaron los espiritus; se suspendió rapidamente la fiesta de San Eleuterio que se estaba celebrando, y todos los romeros en manifestación de protesta enérgica, aunque pacífica y honrada, salieron para esta Villa a pedir en justicia la libertad del Presidente y Secretario de la Federación detenidos en aquel campo para causar efecto y asestar una esrtocada mortal a este movimiento nuevo y redentor".*

BOLETIN ESPECIAL DE "EL ECO DE LA ESTRADA" ADICADO A FESTA DO LABREGO


ECO DE LA ESTRADA

ORGANO DE LAS SOCIEDADES AGRICOLAS DEL DISTRITO

A Festa do Labrego

Influencia que no distrito poden exercer festas como a do 16 de maio

Este é o titulo do artigo de **Justo Martinez** no que nos resña desde o seu ponto de vista cais son as *"influéncias"* ou *"funcións"* (en terminos antropolóxicos) que pode cumplir a FESTA DO LABREGO. Vaiamos repasando unha a unha:

1º A Conglomeración de xente proclive a *"desarrollar el espíritu mercantil"*. Comenza falando do rio en términos poéticos: "monstruoso y saliente como ninguno terminado por arte de la columna en un a modo de casco prousiano, arrastraba perezoso todo el resíduo de la francachela", remata remarcando o seu aspeito mercantil e mesmo funcional: *"Fue lavadero del pulpo y sentina de viandas en detritus"*, *"Todos hemos pasado por la dura prueba de sus aguas, lanzadas al mercado por la parte más removida - ¡Que rica! diciamos todos. Y el aguador que pasaba al cinto el envase de corcho - ¡Que rica y buena! pregonaba." Mesmo nesta frase se trasluce como as loubanzas a agua nun primeiro momento estrictamente orientadas ao divertimento literário, rematan vencellando-se a promoción mercantil dun producto. "La industria del agua, la más desarrollada de España, segun habia advertido un viajero americano...".*

2º A coesión social: E cito literalmente unha frase que aparte da sua fermosura, creo dunha grande interese antropolóxico de unha análise que quizais nos solprenda pola sua elevación teórica sobre os feitos e experiéncias sentidas por quen as intepreta: *"Fiestas a la manera son como granjas en que se ensaya el cultivo social por procedimientos educativos, amenizándolo todo el holgorio y la algarabia a pleno sol. Nadie era ajeno aquel dia al propósito de aportar una nota discreta; alguien escribió por vez primera versos en que alentaba un ideal; todos pareciamos juramentados para decir en la fiesta cívica la oración que el buen gallego de hoy musita cuando piensa en la Galicia que ha de venir: unión y buenas costumbres, cultura y trabajo"*. Penso que o mesmo actor dos acontecimentos esta-nos a ofrecer unha análise que xungue elementos de interpretación obxectiva, con elementos de sensación subxectivas, de xeito que recoñecendo que as festas teñen esa función integradora, de trunfo da sociedade civil, de disolución de barreiras entre a xente; el recoñece ter sufrido esas sensacións para as que o feito de comprende-las non lle evita curar-se de senti-las: *"todos pareciamos juramentados"*.

3º Incentivo a organización e a sindicalización: *"Los que ven algo más que bustos cuando miran hacia estas concentraciones..."* terán en conta este tipo de médios para *"reducir el margen de los no asociados"*. Sendo un revulsivo nos costumes políticos e sociais.

4º "Relixisiosidade laica": O que chaman *"a parte religiosa"* aqui mostra-se como parte do programa civil no que **Justo Martinez** chama :*"duplicidad de tonos que tan pronto llama a la fe como al holgorio de la fiesta"*. A festa somete a sociedade civil todos os outros estamentos, o feito de reunir un grupo inmenso de xente é unha demostración de forza da sociedade e sobre todo a cidadania. Rachando coas posturas individualizadas nas que as clases sociais se disgregan nos seus elementos non tendo relación co poder de un en un e non todos xuntos. Rachando coa anterior situación de postración solipsista: *"¿No son influéncias éstas beneficiosamente ejercidas sobre la masa de un pueblo, antes cerrado a toda **ostentación cívica?**"* remata Justo Martinez.

Non obstante non debe solprendernos que en todo o artigo non se cite para nada o motivo con que se celebra dita Festa: Mobilización Agrarista de 1.915, practicamente non se cita en todo o xornal. O que lles preocupa é a utilidade que dita Festa poida ter, e non é extraño que as persoas que argumentan dita utilidade se esquezan do que pode e parece ser a utilidade baixo a que se celebra dita FESTA DO LABREGO, a utilidade aos labregos, pois, mesmo nos seus aspeitos mercantís fala soio

dos vendedores de agua. Evidentemente, Justo Martinez non era labrego, nin ningún dos promotores da Festa: Notários, Procuradores, Mestres, etc... *"En años sucesivos el mejor número de esta fiesta, sin duda alguna que estará a cargo del maestro de escuela. No pudo suceder así ahora porque no era todavía sino unos recién llegados esa pleyade de inteligentes profesores en que tiene el pueblo puestas tantas esperanzas"*. Así vexamos o relato de como se lles ocorreu a Festa do Labrego a uns señores que non se encontraron casualmente cando ian co gando, senon tomando un café no *"popular"* Casino. Tan popular que - como narra **António Fraguas** - o seu porteiro era famoso polo xeito en que disfrutaba cada vez que botaba a alguén que non era sócio. Pero que o Sr. Claudio Baloira considera: *"sociedade netamente democrática"*. *"Charlamos un rato sobre varios asuntos recayebndo la conversación sobre lo acaecido el 16 de Mayo de 1.915...por menos causa levantaron monumentos. ¡Ala!, a levantar uno, replico Don Pedro."*

De todo o discurso de **Claudio Baloira** non podemos estraer unha clara referéncia aos labregos. Si Ben é un monumento ao Labrego, e nel rezan as inscripcións: *"Unión agrária estradense, Aguí se consolidó"*, *"Fraternidad, agrarismo, democrácia y libertad"*, *"La Federación agrária en conmemoración del 16 de Mayo de 1.915, el labrador es el Rey de la Naturaleza"*, o certo é que o labrego é un cliente, máis que un protagonista da Festa.

O programa da Festa é : As seis da maña bombas desde os locais das sociedades agrárias, as oito misa, as nove entrada das sociedades no campo, a cabeza da comitiva entrará a moza escollida polas compañeiras da sua zona, seguindo-a as desingnadas polas sociedades agrupadas cada unha coa sua estandarte e as músicas escalonadas.

Os rituais dos estandartes e da eleción de damas que os portasen, paréce-me un elemento esóxeno que dificilmente pode derivar-se da evolución dos rituais festivos Galegos. Estamos diante dunha proposta que a meu xuício está copiada por emigrantes retornados que están a ensaiar misturas de elementos autóctonos con formulas que viron naqueles lugares que estiveron emigrados.

A Festa do Labrego de 1.916 é pois, unha Festa para o Labrego, pero sin o labrego. As posturas dos promotores é de depotismo ilustrado, recorda-nos os "arbitristas" do século XVII españois, existe unha sustración a rendir contas directas aos administrados como nas sociedades agrárias, a agrarismo encaixou na estructura do Concello e con elo foi-se distanciando do concurso dos labregos na xestión daquelo que lle era próprio.



Redacción do Xornal Agrarista local "El Eco de La Estrada" con Pedro Varela o seu Director

O Poder Labrego

Así segundo nos relata **Pedro Varela**, en novembro do 1915 foron proclamados pola lei electoral concellais coa clasificación de agrarios **D. Ramiro Ulloa (alcalde), José Varela, Juan Peiteado, Jenaro Pena, Manuel Blanco, José Rodriguez, Benigno Quesada, Claudio Baloira, Juan Manuel Rodriguez, Felipe Garcia, Marcelino Vilas, José Señaris, Manuel Couceiro e o próprio Pedro Varela**, engadindo-se posteriormente **José Porto e D. Manuel Salouzáns.** Nesta corporación agrária atopamos a homes clave da Federación, empezando polo seu mesmo presidente.

Vexamos a análise que fai o Sr. Varela desta pasada polo poder dos agrários:

"La Federación tuvo su apogeo y después su decadencia; como sucede con la temperatura, después del calor viene el frío y las causas del frio y las causas del frío social fureon varias: los elementos principales del resurgimiento agrario local pasaron al Municipio, y, <mal si aras buey, mal si no aras>; ora se sostenia que los concejales del agrarismo debian asistir a las sesiones de aquella entidad; ora que no debian hacerlo, porque su presencia coartaba libertades; se llegó a decir que la presencia de algunos era una coacción, y cuando no aparecian por allí se les tildaba de abandono, de inconsecuentes, de poco entusiastas, de engreídos con sus cargos, y otras cosas parecidas. Esto ha producido a unos concejales decepción y aburrimiento; otros menos escrupulosos, respondieron con el apartamiento y el desdén. Con opiniones encontradas y falta de freno para las susceptibilidades, no podía reinar el concierto: el <divide y vencerás> actuaba con todas sus fatales consecuencias tanto en la Federación como en el Ayuntamiento. Así se iba gastando el agrarismo municipal, como se gastan siempre los que gobiernan por buen deseo que tengan de acertar".

Podemos ver como o Sr. Varela fai un exercício parcial e interesado de crítica da participación da Federación no governo do Concello, e das consecuéncias que esto tivopara o movimento agrarista, e continua cunha curiosa análise sociolóxica:

"Las masas populares tienen exigencias, casi siempre legítimas, pero cuando no las ven satisfechas suelen reflexionar poco en los motivos: todas las culpas recasen en las Corporaciones municipales aunque estas se esmeren sirviendo al pueblo, y no se repara en que desde un Municipio no se hacen leyes y hay que cumplir, en cambio, las que dimanan de Madrid, que no siempre son acertadas. Además nuestros labradores, escamados de antiguo desconfían siempre de los gobernantes, sobre todo cuando por intereses de banderia se explota esa innata desconfianza".

Pedro Varela recoñece que a administración - neste caso - municipal non ten competéncias para arranxar as reivindicacións e esixencias populares, e recoñece que os labregos non se sinten identificados con este organismo, desconfia da política e da xestión do aparato do estado en calquer grao administrativo por canto non o sinte como un instrumento ao seu servício senon - con razón - ao contrário.

Pedro Varela deixa entrever que a participación na administración do Estado tal como está estructurada resulta unha perdida de tempo, remata reseñando unha série de obxectivos que é preciso que cumpla a Federación Agrária e nos que se debe centrar, dando a entender que debe pasar da participación na xestión municipal. Eses obxectivos son:

1º Rematar co analfabetismo procurando a maior perfección posibel no ensino elemental e que nas escolas se impoña como obrigatorio un curso de Agricultura.

2º Difusión do emprego de novos sistemas de cultivo e apeiros ou máquinas de labranza.

3º Selección de sementes e gandos, estimulando aos gandeiros con concursos ben organizados.

4º Procurar a apertura de novas vías de comunicación, especialmente o Ferrocarril Central, tantas veces ofrecido.

5º Criación de Caixas Rurais de Aforros e préstamos, seguros de gandos e colleitas, e cooperativas de consumos.

Todo esto sen esquencer a resolución dun problema como é a redención dos foros.

A fidelidade a causa agrária

Por último hai que sinalar que existiron persoas fideis a causa agrária que reusaron de participar en xestións administrativas do Estado, e mantiveron unha actitude moi crítica a formulación do Estado, e da política entendida como a utilización dese estado para beneficio particular do que o xestiona.

Así topamo-nos cunha personalidade participante na Festa do Labrego, presidente de Sociedades Agrárias xa desde moi novo, e activo animador de certames, publicacións e actos culturais agrários, **Manuel Garcia Barros**, quen no 1921, deixa cair nun artigo sobre o caciquismo a seu rexeitamento ao monumento do labrego e a todo o que significou en canto proceso de castración dun movimento social vivo e criativo. Así diante do nomeamento dun delegado do governador para investigar as posibeis irregulariedades na administración do Concello desde o ano 16 en que o tomaron os agrários, di-nos:

MANUEL GARCIA BARROS



"Eu vexo con un gosto mais grande que unha casa rica, que un señor Delegado do Governador, actua no noso Axuntamento pra enteirarse da marcha adeministrativa do mesmo, e veria con mais gusto, e veriamolo todol-os veciños do destrito, que en ves de revisal-as contas dend'o ano dezaseis se fixese dende vinte anos atrás, pol'o menos con toda imparcialidade e que vise d'unha maneira crara e que todos comprende sen que se fixera dos nosos en todo ese tempo, e o que resultase a deber que pagase, e se se collia algún qu'houbera enporcada as suas mans na masa do presuposto, colgal'o d'un farol, darlle un fungueiro a cada veciño e que fosen pasando por ves rigurosa dándolle cada un a sua pancada, a medida do seu deseo, é logo desterrado pra que non quedase aqui nin a caste, e feito esto colocar no sitio mais visibre da praza unha praca grande c'uns letreiros que dixesen:

Don Fulano de Tal,

foi afungueirado pol-o pobo

e dempois, desterrado por malversador dos intereses púbricos.

Colócase esta praca pra exempro

dos malos governantes,

Mes de tal, Ano de tantos.

E este si que seria un moimento mais significativo e mais transcendental que esa tonteria de Lagartóns"

No senso irónico deste texto está a aposta pola xustiza popular, polo Estado Alternativo, e os fungueirazos ao malversador, non é senon o enfrentamento cos xestores do Estado Oficial. Un Estado que pola súa estructura e hierarquización, tal como actualmente podemos comprobar, é por sí unha aparello inutil para resolver os problemas reais dos cidadáns, e tan só sirve para resolver os problemas dos que o administran. Algo que non é unha afirmación consecuéncia lóxica da desconfianza innata dos labregos, senon que máis ben é conclusión da experiéncia adquirida ao longo de moitos seculos de história sen estado próprio, a nosa imaxe e semellanza, ao noso servizo.

ANEXO 1

A excelentísima corporación municipal de Estrada

A Federación das sociedades agrárias do distrito. Teñen a honra de expoñer, inspirando-se no sentir unánime das entidades federadas e da masa popular; que o mais profundo disgusto reina contra a desatinada actuación da Excma. Corporación.

Dous anos aproximamente fai que esta Federación se atopa en funcións e apesar da súa imnegabel importáncia polos moitos centos de persoas que a integran, ainda non foi invitada unha soia vez polo Concello para recoller a suas aspiracións e desenrolar en colaboración, a obra progresiva en que se cifran os anceios xenerais.

Precisamente, os sindicatos agrícolas teñen reservada unha misión esencialísima en problemas de caqpital importáncia para o desenvolo da riqueza rural; pero mentras os governantes locais non o entenden así, en aberta oposición co lexislado, ou prefiren incurrir en manifesto desagrado antes de dar-lles a intervención e importáncia merecida en múltiples casos.

Pero, ainda cando a letra da Lei fose outra cousa, como dicia o máis grande prestixio do noso Parlamento non hai moitos dias; o Sr. Azcarate; sobre ela está a realidade palpitante dun espirito máis ámplio, que se impón a lei mesma, e fai que certas normas rixidas e asaz menguadas caigan en desuso.

E o Sr. Alba, outro prestíxio nacional, acaba de facer un matinado bosquexo da importancia suma que ten o renacemento das forzas agrárias en España, relacionando-o coa corrente que brotou fecunda e potente en toda Europa, en Inglaterra, en Francia, en Alemania e Italia.

Si a todo engadimos que outros políticos de altura conviñeron en que era necesário ir-se acostumando á governar co povo para facer patria, facilmente se observa que o noso município é atávico, insusceptibel cos elementos que o constituen de marchar polas correntes novas e progresivas, e que incurreu nunha lamentabel falta de tacto e consideración ao prescindir en todo e para todo desta Federación, que hoxe se compon das catro quintas partes dos habitantes do Distrito.

Noutros erros máis lamentables incurre esa Excetma. Corporación, sen duvida, por estasr obstinada en alonxar do seu seo ás sociedades agrárias, cos princípios sanos e vivificadores que encerran.

Por eso sucede que o Concello rural máis importante de España, ten completamente abandonado o ensino primário, os camiños veciñais, as fontes e a salubridade pública. Dando-se o feito escandaloso de que nesta mesma Vila, despois de varios casos de Tifus e de saber-se que as aguas estaban contaminadas, fose necesário unha recia campaña para conseguir unhas insignificantes reformas nas obras dos xacementos e nos canos. Non menos recia foi a campaña que houbo que librar-se para conseguir a clausura dun matadeiro, antro de corrupción, e apesar de haber-se ordenado polo Sr. Governador da Provincia que dentro dun termino perentório se procedera á construción doutro provisional, é hoxe o dia, despois de ter pasados os meses en que os carniceiros sacrifican as reses onde queren, como queren e cando queren, sen inspección algunha, por non ter-se cumplido aquel útil mandato. Sucede ademais, segundo consta á todos os membros desa Excima. Corporación, que a principal carniceria pertence a un familiar moi próximo do unico veterinário municipal que temos, e por conseguinte, os recoñecimentos, ainda que se practiquen, han de merecer moi pouca fé ao povo mentras o Excimo. non tome outras medidas. E volvendo ao do matadeiro, é moi censurabel que apesar de haber-se clausurado, sigan librando para gastos de limpeza, as mesmas cantidades que se libraban antes da clausura. Esto implica unha malversación de caudais.

No repartimento de Consumos, que ven facendo-se de costas a estas entidades, observa-se os abusos dun caciquismo pernicioso non só na fixación de cuotas que deron lugar no último ano á múltiples e lexítimas alzadas, senón tamén na inclusión de

mortos, ausentes e descoñecidos. Esto produce na recaudación un quebranto moi perxudicial pois é necesário evitar, máxime tendo en consideración que moitos individuos declarados fallidos en 1911, continuan figurando xa sexa por abandono, por falta de informes legais, por apatia, ou por malicia de ese Concello.

A Federación non puido ver con agrado que apesar do ano calamitoso de 1912, por falta de colleitas, se cobrasen durante o mesmo as cargas extraordinárias, en vez de aprazar tal cobranza; e tampouco lle satisfixo a pasividade. A pasividade desa Corporación frente aos problemas que trae consigo o grande conflito Europeo, un deles a repatriación de moitos obreiros que necesitan traballo. Non tivo ese Concello a menor iniciativa para interesar dos Poderes Públicos, do Diputado á Cortes, e da Diputación Provincial, que se proceda a rápida construción do Ferrocarril de Pontevedra a Lugo pasando por A Estrada, a de algunhas carreteras proxectadas hai tempo por este distrito, e a tan cacareada rede de camiños veciñais.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que na sua maioria se opuxo á dar autorización para criar unha feira nesta Vila, que hoxe constitue o orgulo dos seus iniciadores.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que despois de ter abandonadas as aldeas, nega unhas insignificantes cañerias para unha fonte pública que do seu pecúnio particular estan construindo uns veciños de Vea.

A Federación non pode estar conforme cunha corporación que pretendia incluir nos seus presupostos os soldos de empregados carcelários, apesar de estar mandada, na lei vixente, a supresión.

A Federación non pode estar conforme co proceder dunha Corporación que sen recabar a opinión dos viciños de certo lugar na parróquia de S. Miguel de Castro, acorda, atendento ao interese particular dunha soia persoa, trasladar un camiño público antiguo, demandando o novo sen previa declaración de utilidade pública, nen outras formalidades, por sobre propriedades privadas, cuxos donos se propoñen acudir a acción de interdicto.

A Federación non pode estar conforme co proceder dunha Corporación que sen coñecimento de Causa, trata de obligar cunha imposición de multas, a un veciño de Vea, á retirar unha alambrada que tiña colocada dentro da súa propiedade e cerca dun camiño particular.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que paga pingües soldos a médicos, e conscente que o da distante zona de Codeseda, viva constantemente aquí, onde está domiciliado, con abandono notório dos enfermos.

A Federación non pode estar conforme co proceder dunha Corporación que apenas celebra Sesións ordinárias para aprobar nas supletórias presupostos sen sancionalos, e en auséncia de determinados concelleiros designar acomodaticiamente os individuos da Xunta Municipal ou asociados , dos que máis adiante nos ocuparemos.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que ten sen resolver desde hai moito tempo, mocións de importáncia suma, presentadas por concellais integros e honrados.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que pasa dun ano que ten sen resolver unha solicitude dos electores do Coléxio de Sequeros interesando-se por que se lle asigne o número correspondente de Concelleiros con arreglo ao Censo.

A Federación non pode estar conforme cunha Corporación que fai medio ano ten no seu poder unha denúncia contra un intruso de veterinário e continua sen resolve-lo.

A Federación non pode estar Conforme co proceder dunha Corporación que sen suxetar-se as formalidades de subasta pública segundo está terminantemente ordenado, negocia por medio dos seus concelleiros mais predilectos a Construción de pontes que nunca valen a mitade do presupostado, para eles, e estar dando o resultado de marchar-se coa primeira crecida do rio. Pero moito menos pode estar conforme a Federación con que, segundo se rumorea, experimentaran as obras da nova Casa Consistorial lixeiras reformas ou modificacións que por non ter sido subastadas salen escandalosamente caras para o povo, en probeito particular.

A Federación non pode estar conforme co proceder dunha Corporación que apesar do enorme cupo de consumos que nos agovia, e de contar o Concello con outras fontes de ingresos por contribucións directas e indirectas, productos todos cuxa lexítima inversión é difícil de xustificar; nos cobrou como deficit para a referida construción

En 1910.....27.528
En 1911.....42.791
En 1912.....42.791
En 1913.....32.922
En 1914.....30.857
Suma.....176.959

Que co aprobado pola Diputación 30.000

E o consignado nos presupostos desde 1903 a razón de 9000 pesestas anuasis.....55.000

Producen un total de 201.959

Importe da Subasta do Edifício.....150.000

Diferéncia.....111.259

E a esto se engade o recaudado no último trimestre de 1908 e todo o ano 1909, resulta tan abultada a diferéncia que o povo quere, ten direito a saber, peseta por peseta, onde está.

Sucede tamen que o Depositário de fondos municipais e Recaudador de impostos desde que se posesionou do cargo, e leva nel bastante tempo, nen rindeu contas nen se lle esixiron, descoñecendo por Conseguinte o estado da Casa.

Diante tal estado de incertidume e desacerto guvernativo, a Federación.

Suplica á Exma. Corporación que na primeira sesión ordinária se de lectura a esta exposición e con conseguéncia de a mesma a acordar que os actos do Concello que se refiran ao povo rural e moi especialmente, cando se trate das distribución de impostos, se de intervención directa a esta entidade. Sociedades e sindicatos que a integran, que se resolvan as denúncias e mocións pendientes con toda urxéncia; que desaparezan o escandaloso abuso que se observa en canto se chama aos falecidos; que se esixa ao depositário, recaudador de ese município a rendición de contas enterando despois das mesmas á esta Federación; que tamén se nos entere minuciosamente de, peseta por peseta, onde está a grande diferéncia que se cobrou demais sobre o presupostado para a construción da Casa Consistorial, de que en ningun caso e por ningún concepto se proceda a execución de obras municipais sen a formalidade imposta pola lei das subastas públicas; que se corrixan severamente todos os demais abusos a que alude este traballo, e que non se pense en impoñer ao povo novos deficits mentras tanto reina o desconcerto administrativo, pois colocado o Concello, dito sexa co respeto debido, en manifesta bancarrota, existe a opinión xeneral de opoñer-se tenazmente ao pago.

Estrada 24 de Xaneiro de 1915

Vº Bº

José Señaris, Claudio Baloira, Ramón Gambino, Pedro Cora, José Louzao, José Rivadulla, José Rodriguez ...

Festa do Labrego